

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE INDUSTRIA, COMERCIO E TURISMO

10960 *Real decreto 402/2021, do 8 de xuño, polo que se modifica o Real decreto 237/2000, do 18 de febreiro, polo que se establecen as especificacións técnicas que deben cumprir os vehículos especiais para o transporte terrestre de produtos alimentarios a temperatura regulada e os procedementos para o control de conformidade coas especificacións.*

O Acordo sobre transportes internacionais de mercadorías perecedoiras e sobre vehículos especiais utilizados nestes transportes (ATP) foi feito en Xenebra o 1 de setembro de 1970. España asinou o instrumento de adhesión en 1972 e o acordo entrou en vigor o 21 de novembro de 1976. O devandito acordo ten como obxectivo facilitar o transporte internacional de mercadorías perecedoiras e establecer, así mesmo, as condicións técnicas para asegurar a preservación da súa calidade durante o seu transporte.

Desde a súa entrada en vigor, o acordo ATP foi obxecto dunha serie de emendas que se foron incorporando á lexislación nacional.

O Real decreto 237/2000, do 18 de febreiro, polo que se establecen as especificacións técnicas que deben cumprir os vehículos especiais para o transporte terrestre de produtos alimentarios a temperatura regulada e os procedementos para o control de conformidade coas especificacións, establece a regulamentación nacional relativa ao transporte de mercadorías perecedoiras, co obxectivo de adecuar a regulamentación básica para a construción, o control e o ensaio dos vehículos.

A experiencia acumulada ao longo da aplicación do acordo ATP e do propio Real decreto 237/2000, do 18 de febreiro, puxo de manifesto a necesidade de actualizar as disposicións relativas aos sistemas de intercambio de información entre as diferentes administracións implicadas no efectivo control da conformidade e cos axentes económicos.

A actualización do Real decreto 237/2000 permitirá adaptar a regulamentación española no ámbito do transporte de mercadorías perecedoiras ao progreso técnico, eliminando ineficiencias nos procesos actuais mediante a utilización de medios electrónicos para a emisión de certificados de conformidade e para a solicitude de asignación de contrasinais de certificación de tipo. Ademais disto, a presente modificación normativa fomenta a simplificación dos procedementos de actuación das distintas administracións e dos axentes económicos, e introduce requisitos de seguridade para garantir a integridade da información contida nos certificados de conformidade.

Esta norma elaborouse tendo en conta os principios que conforman a boa regulación a que se refire o artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

En particular, cúmprense os principios de necesidade e eficacia ao considerarse que a aprobación deste real decreto é o instrumento necesario para conseguir o obxectivo perseguido de incorporar as melloras identificadas e adaptar a normativa á actual contorna técnica e legal, perfeccionando a implantación do ATP no noso país e permitindo, ademais, simplificar os procedementos de actuación dos axentes económicos. O principio de proporcionalidade considérase cumprido xa que o real decreto contén a regulación imprescindible para atender á súa finalidade.

O principio de seguridade xurídica garántese, xa que esta norma é coherente co resto do ordenamento xurídico, e preténdese que sexa clara e que facilite a actuación e a toma de decisións das persoas e empresas. O de transparencia, porque no seu proceso de elaboración se solicitaron todos os informes preceptivos e se publicou na páxina web do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo, para posibilitarlles aos potenciais destinatarios a súa participación activa no citado proceso. Ademais, neste sentido,

previamente á elaboración deste real decreto efectuouse unha consulta pública, tal e como indica o artigo 26.2 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno.

Por último, con respecto ao principio de eficiencia, as modificacións introducidas non introducen cargas administrativas.

Para a elaboración deste real decreto, de acordo co artigo 26.6 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, consultáronse as comunidades autónomas, así como as entidades do sector coñecidas e consideradas máis representativas.

Esta disposición dítase ao abeiro do establecido no artigo 149.1.13.^a da Constitución española, que atribúe ao Estado a competencia para determinar as bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, sen prexuízo das competencias das comunidades autónomas en materia de industria.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Industria, Comercio e Turismo, logo da aprobación da ministra de Política Territorial e Función Pública, de acordo co Consello de Estado, e tras a deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 8 de xuño de 2021,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 237/2000, do 18 de febreiro, polo que se establecen as especificacións técnicas que deben cumprir os vehículos especiais para o transporte terrestre de produtos alimentarios a temperatura regulada e os procedementos para o control de conformidade coas especificacións.*

O Real decreto 237/2000, do 18 de febreiro, queda modificado como segue:

Un. Engádense os puntos 5 e 6 no artigo 9. «Emisión dos certificados de conformidade»:

«5. Os certificados de conformidade serán emitidos de forma electrónica e serán asinados electronicamente con sinatura avanzada baseada en certificado recoñecido e incorporarán código de verificación. A emisión de certificados de conformidade non será posible se non se satisfán as disposicións do punto 1 do anexo 4 deste real decreto.

6. Os organismos de control e estacións ITV remitirán ao Rexistro electrónico de contrasinais de tipo previsto no artigo 3 copia dos certificados de conformidade do vehículo emitidos, tanto iniciais como sucesivos, que quedarán á disposición dos órganos competentes das comunidades autónomas. No caso de se ter efectuado ensaio de verificación do coeficiente global de transmisión térmica K, remitirase ao dito rexistro copia da acta de ensaio.»

Dous. O artigo 3 «Contrasinais de tipo», queda redactado como segue:

«Artigo 3. *Contrasinais de tipo.*

1. Os organismos de control, cando realicen actuacións de certificación de tipo, solicitarán a asignación de contrasinal na forma que dispoña o órgano competente da comunidade autónoma onde estea radicado o fabricante.

2. Para os efectos de cumprir coas obrigacións que o ATP establece para os Estados, manterase o Rexistro centralizado de contrasinais de tipo de vehículos especiais. O dito rexistro dependerá da Dirección Xeral de Industria e da Pequena e Mediana Empresa do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo, e adoptará medios electrónicos para o seu funcionamento. As solicitudes de alta ou baixa de contrasinais presentaranse na forma que dispoña o órgano competente da comunidade autónoma na cal estea radicado o fabricante ante o Rexistro. As solicitudes irán acompañadas do certificado de conformidade, do certificado de características e da acta de ensaios do prototipo, e serán resoltas polo citado órgano competente.

Os contrasinais de tipo estarán formados pola letra F, seguida dun número de cinco cifras correlativas e do número do construtor asignado polo Rexistro.

3. De conformidade co establecido no anexo 1, apéndice 2, do ATP, os contrasinais de tipo terán unha validez máxima de 6 anos a partir da data do ensaio de determinación do coeficiente global de transmisión térmica K, polo que serán dados de baixa no Rexistro, de oficio, unha vez transcorrido o citado prazo.»

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.13^a da Constitución española, que atribúe ao Estado a competencia sobre as bases e a coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o 1 de xullo de 2022.

Dado en Madrid o 8 de xuño de 2021.

FELIPE R.

A ministra de Industria, Comercio e Turismo,
MARÍA REYES MAROTO ILLERA